



ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 3/2021

CARÁCTER: Ordinario

ANUNCIO

Con data 24 de maio do 2021 o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

Considerando que a actual evolución na contención da pandemia non exime aos poderes públicos o seu deber de «organizar y tutelar la salud pública a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios» establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á protección da saúde que recoñece este artigo no seu primeiro apartado.

Considerando que a celebración do pleno debe realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que, con carácter excepcional, a presente sesión plenaria se deberá celebrar a porta pechada para o público, sen prexuízo de que a súa publicidade e debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal e páxina web do concello, permitindo o acceso de medios de comunicación, e a súa posterior comunicación pública a través do Portal de Transparencia.

Se fai notar que se realizará unha distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de mascarillas e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias a seguir establecidas na guía de “Buenas prácticas en los centros de trabajo

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6ZFKNXMTGL29CAZAT7EFA5CY2S | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



por el COVID-19 (actualización 11/04/2020)” e protocolo de Medidas Preventivas Coronavirus Covid-19 remitido polo servizo de vixilancia da saúde deste concello.

Polo exposto, esta Alcaldía, ao abeiro da DA 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, e de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

PRIMEIRO.-Convocar Sesión con carácter de Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar a porta pechada para o público o vindeiro xoves día 27 de maio ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta de sesión anterior nº 2/2021, do 25 de marzo.

2º.- Expediente 2705/2019. Ditame Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais de data 21/05/2021, favorable á proposta da Alcaldía de 20/05/2021 de adxudicación expediente de “Concesión obra pública redacción de proxecto, construción e explotación de aparcamiento subterráneo entre las calles Orense y Compostela, y urbanización exterior superficie existente sobre el aparcamiento y reposición de servicios afectados por ejecución del aparcamiento.”

3º.- Expediente 938/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns de data 20/05/2021, de aprobación do expediente de Modificación de Créditos número 13/2021 (Crédito Extraordinario 2/2021) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

4º.- Expediente 958/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns de data 20/05/2021, de aprobación do expediente de Modificación de Créditos número 14/2021 (Suplemento de Crédito 1/2021) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6ZFKNXMTGL29CAZAT7EFA5CY2S | Corrección: https://concello.tui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



5º.- Expediente 2317/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da Alcaldía de data 18/05/2021, relativa á modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Tui.

6º.- Expediente 2313/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 18/03/2021, favorable á proposta da Concelleira delegada de Facenda de data 15/03/2021 sobre Aprobación definitiva do Orzamento xeral 2021.

7º.- Expediente 450/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns de data 12/05/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente as obras de Saneamento e recintado de muros interiores en bodega asociada a vivenda en planta 1ª sita na rúa San Telmo, 7.

8º.- Expediente 635/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 20/04/2021, relativa a bonificación de ICIO por obras de afectado pola explosión de Paramos (ID 404)

9º.- Expediente 637/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 20/04/2021, relativa a bonificación de ICIO por obras de afectado pola explosión de Paramos (ID 240).

10º.- Expediente 887/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 12/05/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente as obras de "Reparación de faldón de cuberta" sito na rúa Cuenca, 4.

11º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/05/2021, favorable á da Proposta da Alcaldía, de data 18/05/2021, de asunción de escrito presentado pola plataforma "Crear en nosotros" del sector de la peluquería y estética".

12º.- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais de data 21/05/2021, favorable á proposta de Alcaldía, de data 18/05/2021, relativa a asunción de escrito presentado pola Asociación Patrimonial e Etnográfica Acueducto de Caldelas sobre estado do Acueducto do Pontillon".

13º.- Mocións de Urgencia.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6ZFKNXN7GL29CAZAZ7EFA5CY2S | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



B) Actividade de control:

14º.- Expediente 242/2021. Dación de conta de liquidación do Orzamento para o ano 2020, de acordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 90.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

15º.- Expediente 2095/2020. Dación de conta de aprobación información referida ó custo efectivo dos servizos no Concello de Tui tal e como se obtén do programa contable do Concello para o exercicio 2019.

16º.- Dación de conta de resolucións da Alcaldía de nº 305 de 22/03/2021 ata o nº 722 de 20/05/2021.

C) Rogos e preguntas:

17º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.

TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso. ”

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6ZFKNX7GL29CAZAF5CY2S | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



CONCELLO DE TUI

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 6ZFKNX7GL29CAZ7EFA5CY2S | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5